

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 12 DE XUÑO DE 2020,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello da Guarda da estrada provincial EP-3401 "Acceso ao porto da Guarda na súa totalidade".

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se aproban Medidas adicionais de aplicación á reincorporación dos empregados públicos ao traballo presencial.
- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das axudas ao abeiro da Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global a executar polas organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e se procede a súa convocatoria, por un importe total de cincocentos mil euros (500.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do acordo de prórroga do convenio entre a Cooperación descentralizada e a Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo (AECID) para a actuación conxunta e coordinada en materia de acción humanitaria, por importe total de cincuenta mil euros (50.000,00 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Fundación Juana de Vega e o Instituto de Estudos do Territorio para a elaboración dunha Guía de boas prácticas para a identificación e acondicionamento de miradoiros, por un importe de corenta e seis mil euros (46.000,00 €).



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Acordo polo que se autorizan os compromisos de gastos plurianuais derivados da Resolución pola que se amplía a dotación orzamentaria da convocatoria de subvencións do Programa do bono de alugueiro social do Plan RehaVIta, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020, para o exercicio 2020. (Códigos de procedemento VI482A e VI482B).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Cabanas para a execución da obra "Melloras no saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fase III. Colectores xerais. Cabanas (A Coruña)", clave OH.315.1074, por importe dun millón catrocentos catro mil cincocentos cincuenta e cinco euros con cincuenta e nove céntimos (1.404.555,59 €), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se declara iniciativa empresarial prioritaria o proxecto de nova planta produtiva en Plisan, de Hijos de Carlos Albo, S.L.U.
- Acordo polo que se declara iniciativa empresarial prioritaria o proxecto do Campus Tecnolóxico Cortizo, de Aluminios Cortizo S.A.U.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Acordo polo que se aproba o Plan de reactivación do sector construción para a mellora dos centros educativos. Investimentos adicionais 2020. Plan infraestruturas educativas.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación da Ruta do Viño Rías Baixas, Asociación da Ruta do Viño Valdeorras, Asociación da Ruta do Viño do Ribeiro, Asociación da Ruta do Viño da Ribeira Sacra e a Asociación da Ruta do Viño Monterrei para a implementación das medidas 22 e 35 do Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da covid-19, por importe total de douscentos trinta mil euros (230.000,00 €); e polo que se autorizan pagos anticipados ata o 100% da subvención concedida e a exención da obriga de constituír garantía para os pagos anticipados.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación Galega de Empresas de Organización Profesional de Congresos para a implementación da medida de impulso do turismo MICE incluída no Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da covid-19, por importe total de douscentos mil euros (200.000,00 €); e polo que se autorizan pagos anticipados ata o 100% da subvención concedida e a exención da obriga de constituír garantía para os pagos anticipados.
- Acordo polo que se autorizan pagos anticipados ata o 100% da subvención concedida e a exención da obriga de constituír garantía para os pagos anticipados en relación co convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación Profesional de Guías de Turismo de Galicia para a implementación da medida incluída no Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da covid-19 de reactivación da actividade do colectivo de guías de turismo por importe de setenta e nove mil novecentos oitenta e un euros (79.981,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación de Turoperadores Receptivos de Galicia (Atrega) para a implementación da medida relativa á promoción de Galicia e á creación de novos produtos turísticos incluída no Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da covid-19, por importe total de douscentos mil euros (200.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería da Coruña e a Asociación provincial de empresarios de restauración e hospedaxe de Santiago de Compostela para a implementación e formación de medidas hixiénico-sanitarias para establecementos hostaleiros e aloxamentos turísticos prevista no Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da covid-19, por importe de cento setenta mil euros (170.000,00 €); e polo que se autorizan pagos anticipados ata o 100% da subvención concedida e a exención da obriga de constituír garantía para os pagos anticipados.
- Acordo polo que se autorizan pagos anticipados ata o 100% da subvención concedida e a exención da obriga de constituír garantía para os pagos anticipados en relación co convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería y Turismo de Lugo para a implementación e formación de medidas hixiénico-sanitarias para establecementos hostaleiros e aloxamentos turísticos prevista no Plan de reactivación dos sectores



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

cultural e turístico fronte aos efectos derivados da covid-19, por importe de cen mil euros (100.000,00 €).

- Acordo polo que se autorizan pagos anticipados ata o 100% da subvención concedida e a exención da obriga de constituír garantía para os pagos anticipados en relación co convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Confederación de Empresarios de Hostelería, Comercio e Servizos de Ourense para a implementación e formación de medidas hixiénico-sanitarias para establecementos hostaleiros e aloxamentos turísticos prevista no Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da covid-19, por importe de setenta mil euros (70.000,00 €).
- Acordo polo que se autorizan pagos anticipados ata o 100% da subvención concedida e a exención da obriga de constituír garantía para os pagos anticipados en relación co convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Federación Provincial de Empresarios de Hostelería de Pontevedra para a implementación e formación de medidas hixiénico-sanitarias para establecementos hostaleiros e aloxamentos turísticos prevista no Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da covid-19, por importe de cento cincuenta mil euros (150.000,00 €).
- Acordo polo que se autorizan pagos anticipados ata o 100% da subvención concedida e a exención da obriga de constituír garantía para os pagos anticipados en relación ao convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación Galega de Empresas de Turismo Activo, Aventura e Natureza (Agetan) para a implementación da medida 24 incluída no Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da covid-19 por un importe total de oitenta mil euros (80.000,00 €).
- Acordo polo que se autorizan pagos anticipados ata o 100% da subvención concedida e a exención da obriga de constituír garantía para os pagos anticipados en relación co convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia (CTG) para a implementación da medida 30 incluída no Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da covid-19, por importe de cento cincuenta mil euros (150.000,00 €).
- Acordo polo que se autorizan pagos anticipados ata o 100% da subvención concedida e a exención da obriga de constituír garantía para os pagos anticipados en relación co convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Federación Galega de Turismo Rural (Fegatur) para a implementación de medidas hixiénico-sanitarias para establecementos de turismo rural, por importe de sesenta mil euros (60.000,00 €).



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación de Axencias de Viaxes de Galicia (Agavi) para a implementación das medidas 23 e 25 incluídas no Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da covid-19, por importe total de trescentos mil euros (300.000,00 €); e polo que se autorizan pagos anticipados ata o 100 % da subvención concedida e a exención da obriga de constituír garantía para os pagos anticipados.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se determina, con arranxo a criterios sanitarios e epidemiolóxicos, que a Comunidade Autónoma de Galicia está en condición de superar a fase III do Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia da covid-19, aprobado mediante Acordo do Consello de Ministros do 28 de abril de 2020.
- Acordo sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola covid-19, unha vez superada a fase III do Plan para a Transición cara a unha Nova Normalidade.

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe relativo á actualización do Plan Básico Autonómico de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe polo que se dá conta da contratación polo trámite de emerxencia da subministración dun polígrafo, diversos produtos informáticos e mamparas para a Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, para facer fronte á pandemia da covid-19, por importe de trescentos trinta e tres mil seiscientos un euros e vinte e oito céntimos (333.601,28 €).
- Informe polo que se dá conta da contratación polo trámite de emerxencia da realización de diversos traballos e a subministración de material de mantemento da Área Sanitaria da Coruña e Cee, para facer fronte á pandemia da covid-19, por importe de trescentos oitenta e seis mil setecentos sesenta e dous euros con setenta céntimos (386.762,70 €).
- Informe polo que se dá conta da contratación polo trámite de emerxencia de diversos traballos e a subministración de materiais do servizo de orde interno e



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

seguridade da Área Sanitaria da Coruña e Cee, para facer fronte á pandemia da covid-19, por importe de cento noventa e dous mil cento corenta e un euros con vinte e nove céntimos (192.141,29 €).

- Informe polo que se dá conta da contratación polo trámite de emerxencia de diversas subministracións de produtos farmacéuticos para a Área Sanitaria da Coruña e Cee, para facer fronte á pandemia da covid-19, por importe de douscentos dezaoto mil cincocentos oitenta e un euros con oitenta e cinco céntimos (218.581,85 €).
- Informe polo que se dá conta da contratación polo trámite de emerxencia da xestión de residuos do servizo de medio ambiente para a Área Sanitaria da Coruña e Cee, para facer fronte á pandemia da covid-19, por importe de noventa e oito mil novecentos vinte e tres euros con sesenta e dous céntimos (98.923,62 €).
- Informe polo que se dá conta da tramitación de emerxencia do expediente de contratación da subministración correspondente ao Plan de dotación de equipamento para afrontar a covid-19, de camas de hospitalización, centrais de monitorización, biombos de separación e soportes de camas para raios X de tórax, por importe de catrocentos trinta e oito mil setecentos cincuenta euros con oitenta e un céntimos (438.750,81 €).
- Informe sobre o plan funcional do edificio de investigación e docencia da Área Sanitaria da Coruña.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre as medidas de inclusión social e maiores do Plan de recuperación social de Galicia 2020.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DA GUARDA DA ESTRADA PROVINCIAL QUE DÁ ACCESO AO PORTO

- *Trátase da vía provincial EP-3401, denominada rúa Concepción Arenal*
- *Con esta transferencia, a xestión e conservación da vía corresponderanlle ao Concello da Guarda*
- *O cambio de titularidade será efectivo ao día seguinte ao da publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello da Guarda da estrada provincial EP-3401, que dá acceso ao porto desta localidade.

Esta vía correspóndese coa rúa Concepción Arenal e o cambio de titularidade inclúese nun convenio entre o Concello e a Deputación provincial de Pontevedra.

Segundo o artigo 9.4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos incluídos no inventario da administración titular, deberán ser aprobados por decreto da Xunta.

Neste sentido, o Goberno galego autoriza esta transferencia pola que lle corresponderán ao Concello da Guarda as actividades de xestión e conservación da vía.

Con este cambio de titularidade, o concello pontevedrés poderá mellorar o mantemento da estrada e levar un control máis directo para evitar posibles ocupacións indebidas do dominio público.

A transferencia será efectiva ao día seguinte ao da publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

OS EMPREGADOS PÚBLICOS PODERÁN SOLICITAR UNHA PRÓRROGA DO RÉXIME DE TELETRABALLO POR CAUSAS EXCEPCIONAIS

- *O Consello da Xunta acordou hoxe a opción de autorizar a continuidade deste réxime cando se acrediten circunstancias especiais unha vez rematada a terceira fase do proceso de reincorporación presencial*
- *A autorización poderá concederse por un prazo máximo de tres meses desde o levantamento do estado de alarma*
- *A terceira fase, que comezará o luns, xa inclúe esta modalidade de traballo para o persoal con menores ou persoas dependentes ao seu cargo e se vexan afectados polo peche de centros educativos ou de maiores e que tamén poderá solicitar a prorroga do teletraballo*
- *Poderase estender a semanas completas coa alternancia dunha en réxime de teletraballo e outra de forma presencial ou en combinación con algún tipo de modificación de xornada*

O Consello da Xunta acordou hoxe a posibilidade de prorrogar de forma excepcional o réxime de teletraballo ao persoal empregado público unha vez finalizada a terceira fase do Protocolo polo que se establece a reincorporación dos empregados públicos ao traballo presencial e as medidas de prevención fronte á covid-19. A autorización para seguir en teletraballo pode prolongarse ata tres meses despois do levantamento do estado de alarma. O acordo conta co consenso das catro organizacións sindicais.

Nas solicitudes para continuar nesta modalidade débense acreditar circunstancias especiais e terán que ser autorizadas de forma excepcional desde a Secretaría Xeral Técnica da consellería correspondente ou do departamento de persoal do organismo autónomo ou axencia pública de adscrición. Tamén deberán contar co informe favorable do responsable do centro directivo no que se presta servizo.

A terceira fase do protocolo, que comeza o próximo luns, xa contempla que este réxime especial de teletraballo se poida conceder aos traballadores que teñan ao seu cargo fillos e fillas menores de 16 anos ou maiores dependentes que convivan no domicilio familiar e se vexa afectado, de ser o caso, polo peche de centros educativos ou de maiores. Esta mesma medida será de aplicación ás empregadas públicas embarazadas mentres dure esta situación.

O réxime de teletraballo só se poderá conceder a un traballador para o caso en que houbese dous ou máis empregados públicos convivintes en que se dea a mesma circunstancia.

Nestes casos establecidos para facilitar a conciliación tamén existe a posibilidade de solicitar a prorroga do réxime de teletraballo por un período de tres meses desde que deixe de estar vixente o estado de alarma.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Do mesmo xeito, poderán seguir exercendo o seu dereito a teletraballar os empregados públicos que xa o tivesen autorizado antes do estado de alarma, no marco da regulación específica deste réxime desde o ano 2013.

Tanto para estes casos como para aos que se lle concedese durante o estado de alarma pola covid-19, o teletraballo poderase estender a semanas completas coa alternancia dunha en réxime de teletraballo con outra de presenza física ou calquera outra modalidade de teletraballo e presencial sempre que as características durante a terceira fase do proceso de reincorporación e da súa prórroga o permitan. Nesta liña, tamén se establece a opción de autorizar de forma excepcional manter ou fixar algún réxime de teletraballo combinado ou non con algún tipo de modificación de xornada.

Ademais, constituirase unha comisión de seguimento, xunto coas organizacións sindicais, para avaliar a aplicación deste acordo.

Co inicio da terceira fase o luns, complétase a aplicación do Protocolo de reincorporación, que foi ratificado por todos os sindicatos con representación na Mesa Xeral. Cómpre lembrar que este Protocolo se refire ao persoal da Xunta, sen incluír ao persoal sanitario e sociosanitario; docente e non docente dos centros de ensino; e ao servizo da Administración de Xustiza.

O Protocolo inclúe medidas especial de protección para aquel persoal que presente algún tipo de enfermidade ou afección que implique a súa consideración como grupo vulnerable e que serán os últimos en incorporarse.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA DESTINARÁ 500.000 EUROS A PROXECTOS DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO E A CIDADANÍA GLOBAL

- *O Consello da Xunta tamén autorizou a prórroga do convenio entre a cooperación descentralizada e a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID)*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a orde de axudas destinadas á execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global por parte de ONGD. Esta convocatoria de subvencións, que se publica anualmente, estará dotada con 500.000 euros.

A través deste investimento, poderán financiarse proxectos que se inscriban dentro das catro dimensións que forman parte da educación para o desenvolvemento. Isto é: sensibilización e concienciación da opinión pública en materia de cooperación e causas da pobreza; formación sobre o desenvolvemento e difusión nos ámbitos educativos do coñecemento da realidade dos países empobrecidos, así como da cooperación para o desenvolvemento; investigación sobre o desenvolvemento; e incidencia, participación e mobilización social para crear redes de solidariedade na nosa sociedade.

As entidades beneficiarias serán as organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento, así como agrupacións lideradas por ONGD xunto con outros axentes de cooperación como universidades, empresas, sindicatos ou outros axentes sociais.

Cando se soliciten as axudas de forma individual, o máximo será de 35.000 euros para os proxectos plurianuais, e de 25.000 euros para os que se executen nunha anualidade. Se o solicitante é unha agrupación, a contía da axuda ascenderá a 45.000 euros para proxectos plurianuais e a 35.000 euros para os dunha soa anualidade.

A educación para a cidadanía é un valor engadido da cooperación para o desenvolvemento, que cómpre potenciar e que constitúe, ademais, unha das liñas estratéxicas da maior parte das ONGD galegas.

Prórroga do convenio de AECID

Ademais, o Consello da Xunta tamén autorizou hoxe prorrogar o convenio entre a cooperación descentralizada e a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID). Este acordo, no que a Xunta inviste 50.000 euros, ten por obxecto coordinar accións en materia humanitaria.

A colaboración entre a AECID e varias comunidades autónomas, entre elas Galicia, estableceuse por primeira vez en 2015 para executar proxectos en materia de acción humanitaria en países con poboacións afectadas por catástrofes de orixe natural ou humano.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Ademais de Galicia, participan nesta iniciativa Asturias, Cantabria, A Rioxa, Murcia, Comunidade Valenciana, Aragón, Canarias, Baleares, Madrid, Castela e León e Estremadura.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE CABANAS PARA EXECUTAR AS OBRAS DE MELLORA DO SANEAMENTO, CUN ORZAMENTO DE MÁIS DE 1,4 MILLÓNS DE EUROS

- *Estas actuacións forman parte do proxecto de mellora de saneamento nos concellos de Cabanas e Pontedeume, cun investimento de 8,4 millóns de euros*
- *As obras consistirán na execución dun novo colector, desde o Paseo da Madalena ata o tanque de tormentas, para solucionar os problemas actuais de infiltración*
- *Tamén se prevé o desenvolvemento de dous ramais de colectores secundarios que conectarán co colector interceptor*
- *A Xunta está a executar actualmente a renovación do saneamento de Pontedeume e de parte do abastecemento que se ve afectado por estas obras*
- *As obras no concello de Cabanas completaranse cun tanque de tormentas con saída de bombeo cara á depuradora de Centroña, cuxo proxecto está en proceso de información pública por parte do municipio*
- *Estas intervencións son estratéxicas para mellorar a calidade das augas e avanzar no saneamento integral das rías, beneficiando a pesca, o marisqueo ou o turismo*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración co Concello de Cabanas para a execución das obras de mellora do saneamento, cun orzamento de máis de 1,4 millóns de euros.

Estas actuacións forman parte do proxecto de mellora de saneamento que o Goberno galego está a impulsar nos concellos de Cabanas e Pontedeume, cun investimento total de 8,4 millóns de euros.

Os traballos previstos contan co cofinanciamento do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020.

As obras do acordo hoxe aprobado teñen como obxectivo a execución dun novo colector interceptor en Cabanas, cunha lonxitude de 1 km, dende o Paseo da Madalena ata o novo tanque de tormentas.

Esta infraestrutura hidráulica substituirá a existente co fin de solucionar os problemas actuais de infiltración de auga de mar.

As actuacións tamén prevén a execución de dous ramais de colectores secundarios que conectarán co colector interceptor.

O proxecto, que contribuirá á eliminación dos puntos de vertido á ría, dará servizo a unha poboación de 7.100 habitantes do concello de Cabanas.

Actualmente, a Xunta está a executar a renovación do saneamento de Pontedeume e de parte do abastecemento que se ve afectado por estas obras, así como a instalación dun tanque de retención e un bombeo. Estes traballos supoñen un investimento de 4,2 millóns de euros e prevese que estean rematados nos primeiros meses de 2021.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Ademais está previsto un investimento de 2,8 millóns de euros tamén en Cabanas na execución dun tanque de tormentas neste municipio con saída de bombeo cara a depuradora de Centroña, que comparte co concello de Pontedeume.

Este proxecto xa foi redactado por Augas de Galicia e foi remitido ao Concello de Cabanas. Actualmente está a en proceso de información pública, de xeito previo á súa aprobación.

As actuacións, no seu conxunto, son estratéxicas para a mellora da calidade das augas e o avance no saneamento integral das rías galegas, cos beneficios que implica para a pesca, o marisqueo, a acuicultura, o turismo e a saúde.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

GALICIA DISPORÁ DA PRIMEIRA GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS PARA A IDENTIFICACIÓN E ACONDICIONAMENTO DE MIRADOIROS

- *O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, deu o visto e prace a sinatura dun convenio de colaboración entre o Instituto de Estudos do Territorio e a Fundación Juana de Vega*
- *Na guía indícaranse criterios ou recomendacións para a integración paisaxística, o mantemento e a sostibilidade, con exemplos de boas prácticas*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre o Instituto de Estudos do Territorio -dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda- e a Fundación Juana de Vega para a elaboración da Guía de boas prácticas para a identificación e acondicionamento de miradoiros.

Deste xeito, Galicia disporá da primeira guía destas características, nas que queden reflectidos uns criterios básicos de aplicación na creación de novos miradoiros, así como boas prácticas e criterios para a integración paisaxística dos miradoiros ben sexan novos ou para actuacións de mellora dos existentes.

Os miradoiros son aqueles puntos de observación do territorio dende os cales se observan vistas panorámicas ou de singular interese ou representatividade e que dispoñen -en maior ou menor medida- de distintos elementos e infraestruturas como son os acceso, murais ou pantallas de información, mobiliario, elementos de protección, etc.

A importancia dos miradoiros vén dada polo disfrute da paisaxe, pero tamén pola posta en valor dos distintos valores paisaxísticos existentes nos ámbitos nos que se asentan, ben sexan naturais, culturais, estéticos ou incluso económicos. Moitos deles son elementos atraentes para a poboación e en moitos casos chegan a conformar a identidade dos territorios polas imaxes que nos proporcionan.

Así, esta guía dirixirase tanto á identificación e ao acondicionamento dos miradoiros xa existentes, como ao establecemento de criterios básicos de aplicación na creación de novos miradoiros, establecendo boas prácticas e criterios para a integración paisaxística dos miradoiros ben sexan novos ou preexistentes.

O contido estará organizado en tres partes: unha primeira parte introdutoria, na que se establecerá o concepto e valor dos miradoiros, o seu encaixe coa Estratexia da paisaxe galega, o Catálogo das paisaxes e outras guías ou recursos da Xunta de Galicia, así como a explicación do contido da guía.

A segunda parte procederá á identificación e fixaranse uns criterios tanto sobre os tipos de valores panorámicos que poden dar lugar á identificación dun novo miradoiro, como

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

sobre a selección do lugar óptimo que conxugue a calidade das vistas e as mellores condicións para uns accesos e un acondicionamento integrados e respectuosos.

Finalmente a guía tamén incluírá unha serie de criterios e boas prácticas, organizados nos aspectos seguintes: accesos, sinalizacións, acondicionamento dos puntos dos miradoiros, elementos de información, elementos de seguridade, mobiliario, aparcamentos, xestión residuos, elementos de prevencións das vistas e prevención da contaminación luminosa. Neste sentido, ofreceranse criterios ou recomendacións para a integración paisaxística, o mantemento e sustentabilidade acompañados cando sexa necesario de exemplos de boas prácticas, documentados mediante a información gráfica correspondente (mapas, planos, gráficos, fotografías).

O importe desta colaboración ten un valor de 46.000 euros, que serán asumidos polo Instituto de Estudo do Territorio e a Fundación Juana de Vega, entidades que achegarán 25.000 e 5.000 euros, respectivamente; aos que hai que engadir o valor dos anexos fotográficos, a cartografía, a información xeográfica e os exemplos a nivel de anteproxecto (traballos equivalentes á cantidade de 4.000,00 €), así como parte do persoal do IET.

O Goberno galego está a desenvolver a Estratexia da Paisaxe de Galicia (EPG), cara a posta en valor, protección e recuperación da paisaxe galega. Trátase dunha política transversal, co fin de desenvolver accións que acaden unha nova sensibilidade para construír a Galicia do futuro, a terra, o territorio e a paisaxe para deixar ás xeracións vindeiras.

Nese sentido, elaborou diferentes guías que serven como ferramentas para axudar á integración paisaxística de diversas actuacións, como:

- Guía de boas prácticas para intervención nos núcleos rurais.
- Guía de criterios de sustentabilidade e integración paisaxística dos establecementos de acuicultura litoral.
- Guía de boas prácticas para intervención nos sistemas praia-duna.
- Guía para a elaboración de estudos de impacto e integración paisaxística.
- Guía de caracterización e integración paisaxística de valados.
- Guía de cor e materiais de Galicia.
- Guía para elaboración de estudos da paisaxe urbana.
- Guía de Intervención en Espazos Públicos.
- Ou a Guía de boas prácticas para a integración paisaxística das actividades extractivas, que na actualidade está en tramitación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

MEDIO AMBIENTE XA INICIOU O PAGO AOS BENEFICIARIOS DAS AXUDAS AO ALUGUEIRO POLA COVID-19 QUE PODERÁN CHEGAR A MÁIS DE 3.000 FAMILIAS

- *Esta orde de axudas, que foi convocada o pasado 22 de maio no Diario Oficial de Galicia, conta cun orzamento de case 8 millóns de euros para axudar ás persoas en situación de vulnerabilidade a facer fronte ao alugueiro*
- *O Goberno galego habilita preto de 20 millóns de euros en catro programas de axudas para garantir o acceso e mantemento da vivenda en réxime de alugueiro a arredor de 8.000 familias*
- *O Bono de Alugueiro Social, incluído o destinado a vítimas de violencia de xénero, conta con 4,5 millóns de euros; tamén se destinan 7,2 millóns para o pago de axudas de alugamento concedidas en convocatorias anteriores*

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda xa está a abonar as axudas aos beneficiarios da liña de incentivos ao alugueiro para persoas en situación de vulnerabilidade pola crise da covid-19, da que se teñen recibido xa máis de 550 solicitudes e coa que se poderá chegar a máis de 3.000 familias galegas.

Este é un dato que se recolle no informe presentado esta mañá ao Consello da Xunta por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dentro das medidas adoptadas para facer fronte á protección dos colectivos máis desfavorecidos e con dificultades para o acceso á vivenda.

Á vista do informe elaborado polo IGVS, a Xunta de Galicia estableceu varios programas de axudas e incentivos que permitirán mobilizar en 2020 un orzamento de preto de 20 millóns de euros a axudas de vivenda e programas relacionados coa vivenda en alugueiro, cos que se podería axudar a arredor de 8.000 beneficiarios. Deste xeito, os cidadáns galegos contan con diversas axudas para o pago do alugueiro, como son:

- Axudas ao alugueiro para persoas en situación de vulnerabilidade pola covid-19
- Axudas ao alugamento
- Bono de Alugueiro Social
- Bono de Alugueiro Social para vítimas de violencia de xénero

Mitigar os efectos da crise sanitaria da covid-19

Co fin de evitar que as posibles consecuencias económicas e sociais derivadas da crise do coronavirus, o Goberno galego convocou o pasado 22 de maio as axudas ao alugueiro para persoas en situación de vulnerabilidade como consecuencia da covid-19, cunha dotación orzamentaria de 7,9 millóns de euros, que se poderían aumentar se o Goberno de España permite destinar ás mesmas remanentes de anos anteriores do plan de vivenda.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Estas axudas están dirixidas a persoas e unidades de convivencia que visen reducidos os seus ingresos como consecuencia da pandemia e poden acadar unha contía igual ao 100 % do custe do alugueiro durante seis meses, co límite máximo de 500 euros mensuais. A axuda pode concederse con efectos retroactivos dende abril de 2020.

Axuda aos colectivos máis desfavorecidos

A Xunta conta dende 2015 co Bono de Alugueiro Social, financiado con fondos propios e, dende 2019, co Bono de Alugueiro Social para vítimas de violencia de xénero, financiado con fondos do Pacto de Estado. Ambas axudas están destinadas a facilitar o acceso á vivenda en alugueiro aos colectivos máis desfavorecidos.

A convocatoria do Bono de Alugueiro Social foi publicada no Diario Oficial de Galicia o 3 de febreiro pasado cunha dotación dun millón de euros, pero o Consello da Xunta autorizou hoxe unha ampliación de fondos para esta axuda de outro millón, polo que finalmente o programa conta con dous millóns de euros na convocatoria actual. Do total da convocatoria, plurianual, corresponden 400.000 euros ao ano 2020.

Pola súa parte, a convocatoria do Bono de Alugueiro Social para vítimas de violencia de xénero foi publicada no Diario Oficial de Galicia o 8 de abril de 2020, cunha dotación de 2,05 millóns de euros, dos que 1,1 millóns corresponden á anualidade actual.

Ademais, como consecuencia da covid-19, a Xunta decidiu incrementar o importe de ambos Bonos de Alugueiro Social ata o 100 % do custe mensual do alugueiro entre os meses de abril e decembro de 2020. Desta maneira, tanto as persoas que xa teñen concedido o Bono como aquelas ás que se lles prorrogue ou se lles conceda no resto do ano, non terán que pagar o alugueiro porque a axuda que reciban será pola totalidade do mesmo. O importe ordinario do Bono é de 225, 200 ou 175 euros ao mes, segundo á área territorial.

Para esta axuda complementaria a Xunta de Galicia destina máis de 990.000 euros. Ademais, en 2020 destínanse 2.089.375 euros ao pago de axudas concedidas en anos anteriores e que continúan vixentes este ano.

Nesa mesma liña, hai que contabilizar 7,2 millóns de euros das axudas ao alugueiro, plurianuais, concedidas nas convocatorias de 2018 e 2019 e que se abonarán durante o ano 2020, que facilitan e axudan ás familias galegas a facer fronte ao pago do alugueiro mensual.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN ELEVARÁ A MÁIS DE 51 ME O INVESTIMENTO EN OBRAS E EQUIPAMENTO EN 2020 PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA

- *No marco do Plan de Reactivación e Dinamización de Galicia, inxectarán 30 millóns a través dun novo paquete de actuacións, que se suman ás xa previstas para este ano*
- *En total executaranse 535 actuacións de obra e equipamento*
- *Este programa de obra pública suporá actividade para máis de 650 empresas, das que máis do 70% poderán ser pemes con domicilio en Galicia, e emprego para preto de 5.000 persoas*

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional elevará a máis de 51 millóns de euros o investimento en obras e equipamento a través do Plan de Reactivación do Sector Construción para a mellora dos Centros Educativos, que foi analizado hoxe polo Consello da Xunta. No marco do Plan de Reactivación e Dinamización de Galicia, o departamento educativo da Xunta inxectarán 30 millóns máis dos previstos inicialmente para este ano, co fin de favorecer a creación de emprego, especialmente entre as pequenas e medianas empresas.

De feito, este programa de obra pública suporá actividade para máis de 650 empresas, das que máis do 70% poderán ser pemes con domicilio en Galicia, e emprego para preto de 5.000 persoas.

O investimento en obras previsto ata o momento para o ano 2020 ascendía a 21.689.045,09 €, con 248 actuacións previstas. Co novo paquete de medidas o investimento elevarase a máis de 51 millóns de euros, e realizaranse 535 actuacións de obra e equipamento.

As novas actuacións divídense en 4 categorías: rehabilitacións integrais, ampliacións e reparacións; actuacións de Reforma, Ampliación e Mellora (RAM); rehabilitacións sectoriais (nova categoría); equipamento e maquinaria de simulación para ciclos de Formación Profesional.

Rehabilitacións integrais e RAM

Canto ás rehabilitacións integrais, ampliacións e reparacións, están previstas un total de 16 obras por importe de máis de 11 millóns de euros. O obxectivo é licitalas ao longo do mes de xuño. A execución compatibilizaríase co curso escolar 2020/2021.

Serían as seguintes:

Provincia	Concello	Tipo de obra	Centro educativo	Importe
Coruña	Melide	Rehab. Integral	CEIP de Melide Nº 1	1.000.000,00

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
 Consello da Xunta

Coruña	Noia	Rehab. Integral	IES Campo de San Alberto	1.137.640,69
Coruña	Cee	Reparación eléctrica	IES Fernando Blanco	150.466,43
Coruña	Culleredo	Reparación eléctrica	IES Universidade Laboral	149.765,33
Lugo	Sarria	Rehab. Integral	CEIP Frei Luís de Granada	1.448.538,94
Lugo	Friol	Rehab. Integral	CPI Dr. López Suárez	737.251,38
Lugo	Lugo	Reparación pista	IES Lucus Augusti	297.138,18
Lugo	Lugo	Ampliación talleres	CIFP Politécnico de Lugo	1.237.850,55
Lugo	Monforte	Ampliación	IES A Pinguela	210.262,97
Ourense	Ribadavia	Rehab. Integral	IES O Ribeiro	1.006.916,24
Ourense	Ourense	Reparación cuberta	CEIP Mariñamansa	297.984,91
Ourense	Cea	Rehab. Integral	CPI Virxe da Saleta	850.396,19
Pontevedra	Ribadumia	Rehab. Integral	CPI Julia Becerra Malvar	857.709,39
Pontevedra	A Estrada	Ampliación talleres	IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez	240.132,90
Pontevedra	Pontevedra	Reparación (instalación biomasa)	IES A Xunqueira I, IES A Xunqueira II e CIFP A Xunqueira	977.000,37
Pontevedra	Salvaterra	Ampliación talleres	IES de Salvaterra de Miño	583.046,30

No referido ás actuacións de Reforma, Ampliación e Mellora (RAM), incrementaranse nun importe aproximado de 5,5 millóns de euros. Serán as Xefaturas Territoriais as que seleccionen os centros, segundo as prioridades establecidas polas Unidades Técnicas Provinciais, e as executen. En xeral as obras máis comúns serán as de reparación ou reposición de cuberta, as de acondicionamento xeral e as relativas ás instalacións de fontanería e calefacción. Con cargo a este orzamento tamén se poden desenvolver actuacións de renovación de fiestras, mellora de baños, renovación da instalación eléctrica, así como nos patios e peches, de ampliación de aulas, sobre as fachadas e de mellora da accesibilidade.

Rehabilitacións sectoriais e equipamento

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O Plan de Reactivación inclúe unha nova categoría, as obras de rehabilitación sectorial, cuxo obxectivo é impulsar as pequenas e medianas empresas, ao tempo que se axilizan os trámites para acadar unha execución máis rápida.

Serán un total de 34 obras por un importe aproximado de 8,5 millóns de euros, que se centrarán nas problemáticas máis comúns nos centros: cubertas, carpintarías exteriores, iluminación eficiente, aseos, reparacións pequenas e pintura.

O orzamento calcularase facendo unha extrapolación das partidas e prezos dos proxectos xa testados de rehabilitación enerxética e integral. Dado que son obras que non afectan a estrutura e estanquidade; substituirase a licenza municipal por comunicación previa, co fin de acurtar prazos.

Ademais, para a axilización dos trámites agruparanse as licitacións –que serán abertas e tramitadas polo procedemento de urxencia, o que reduce os prazos a 13 días– en 4 contratos tipo: proxecto de rehabilitación sectorial de carpinteira exterior, de substitución de cuberta, de substitución de luminarias e de acondicionamento xeral.

Este tipo de actuacións contribuirá especialmente á activación das empresas de pequeno e medio tamaño especializadas, e están previstas nos seguintes centros:

Provincia	Localidade	Centro	Tipo de obra	Orzamento
Coruña	Arteixo	CEIP Ponte dos Brozos	Acondicionamento	250.000,00
Coruña	Betanzos	IES Francisco Aguiar	Carpintería exterior	250.000,00
Coruña	Cerceda	CPI Plurilingüe O Cruce	Acondicionamento	250.000,00
Coruña	Curtis	CEIP de Curtis	Carpintería exterior	250.000,00
Coruña	Coruña (A)	CEE María Mariño	Acondicionamento	250.000,00
Coruña	Ferrol	IES de Canido	Iluminación	250.000,00
Coruña	Porto do Son	IES de Porto do Son	Cuberta	250.000,00
Coruña	Padrón	CEIP Flavia	Acondicionamento	250.000,00
Coruña	Ribeira	CEIP Heroínas de Sálvora	Acondicionamento	250.000,00
Coruña	Santiago de Compostela	IES Lamas de Abade	Cuberta	250.000,00
Lugo	Viveiro	IES Vilar Ponte	Acondicionamento	250.000,00
Lugo	Chantada	CEIP Plurilingüe Eloísa Ribadulla	Acondicionamento	250.000,00
Lugo	Carballedo	CEIP Xosé Luis Taboada	Cuberta	250.000,00

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Lugo	Castro de Rei	CEIP Ramón Falcón	Iluminación	250.000,00
Lugo	Rábade	CEIP Otero Pedrayo	Cuberta	250.000,00
Lugo	Palas de Rei	CEIP de Palas de Rei	Acondicionamento	250.000,00
Lugo	Outeiro de Rei	CEIP Laverde Ruíz	Iluminación	250.000,00
Ourense	Bande	IES Aquis Querquernis	Iluminación	250.000,00
Ourense	Barco de Valdeorras, O	IES Martaguisela	Iluminación	250.000,00
Ourense	Carballiño, O	IES Nº1	Acondicionamento	250.000,00
Ourense	Ourense	IES Xesús Ferro Couselo	Carpintaría exterior	250.000,00
Ourense	Ourense	CIFP A Farixa	Carpintaría exterior	250.000,00
Ourense	Vilamarín	IES de Vilamarín	Cuberta	250.000,00
Ourense	Xinzo de Limia	IES Lagoa de Antela	Carpintaría exterior	250.000,00
Pontevedra	Guarda, A	IES A Sangriña	Carpintaría exterior	250.000,00
Pontevedra	Moaña	IES Plurilingüe A Paralaia	Carpintaría exterior	250.000,00
Pontevedra	Vigo	CEIP Celso Emilio Ferreiro	Cuberta	250.000,00
Pontevedra	Vigo	IES Castelao	Cuberta	250.000,00
Pontevedra	Vilagarcía de Arousa	IES Castro Aobre	Carpintaría exterior	250.000,00
Pontevedra	Vigo	IES Ricardo Mella	Carpintaría exterior	250.000,00
Pontevedra	Vigo	IES A Guía	Cuberta	250.000,00
Pontevedra	Baiona	IES Primeiro de Marzo	Carpintaría exterior	250.000,00
Pontevedra	Pontevedra	IES Gonzalo Torrente Ballester	Carpintaría exterior	250.000,00
Pontevedra	Vigo	IES de Beade	Carpintaría exterior	250.000,00

O novo paquete de obras contempla tamén contratos de subministro para equipamento, maquinaria e materiais de simulación en ciclos de Formación Profesional por importe de case 3 millóns de euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA REDUCIRÁ Á METADE OS PRAZOS DE TRAMITACIÓN DO CAMPUS TECNOLÓXICO DE CORTIZO EN PADRÓN E DA FUTURA PLANTA DE ALBO NA PLISAN AO DECLARAR OS SEUS PROXECTOS COMO INICIATIVAS EMPRESARIAIS PRIORITARIAS

- *A execución de ambos os dous proxectos suporá a creación de, polo menos, 350 postos de traballo directos e investimentos por valor de 60 millóns de euros*
- *Albo construíra unha nova fábrica para a elaboración de conservas de produtos do mar e pratos preparados na Plisan, mentres que Cortizo, dedicada á produción de aluminio, creará un complexo en Padrón destinado á investigación e formación*
- *Promóvese así a Industria 4.0, o desenvolvemento produtivo a nivel local, e a mellora da competitividade e a presenza internacional a través da innovación*
- *Trátase das dúas primeiras iniciativas empresariais prioritarias de Galicia, unha figura contemplada na Lei de implantación empresarial para potenciar a captación de investimentos e a creación de emprego de calidade*

O Consello da Xunta vén de declarar iniciativas empresariais prioritarias o proxecto das empresas Hijos de Carlos Albo, para a construción dunha nova planta produtiva na Plataforma Loxística Industrial de Salvaterra-As Neves (Plisan), e Aluminios Cortizo, para a creación dun campus tecnolóxico en Lamas, no municipio de Padrón. Así, a declaración aprobada hoxe permite dar carácter prioritario aos trámites que son competencia da Xunta para a implantación e posta en marcha das iniciativas, reducindo os prazos administrativos á metade (excepto os relativos á presentación de solicitudes e recursos), axilizando así a implantación e posta en marcha de ambas as dúas iniciativas –que contemplan a creación de como mínimo 350 postos de traballo directos e investimentos por valor de 60 millóns de euros–, ao tempo que se manteñen todos os requisitos técnicos e normativos.

Os novos proxectos das dúas empresas galegas teñen como obxectivos mellorar a competitividade dos seus procesos produtivos, a través do avance na Industria 4.0, e contribuír á diversificación empresarial de Galicia, asentando sobre o territorio infraestruturas e dotacións necesarias para o desenvolvemento industrial. Ademais, a partir do seu deseño como iniciativas tractoras que complementan cadeas de valor, prevén dinamizar sectores económicos estratéxicos para a Comunidade, como son a pesca e a alimentación e a fabricación e distribución de elementos de aluminio e PVC.

Trátase das dúas primeiras iniciativas empresariais prioritarias de Galicia, unha figura contemplada na Lei de implantación empresarial, que busca potenciar a captación de investimentos e a creación de emprego de calidade con máis simplificación administrativa; máis incentivos fiscais ás empresas; e máis facilidades para acceder ao solo empresarial.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A declaración de proxectos empresariais como prioritarios implica a concorrencia de razóns de interese público para tramitar de maneira urxente os procedementos administrativos, e implica o seguimento e impulso dos trámites posteriores necesarios a través da oficina Doing Business, creada pola Xunta para contribuír á eliminación de obstáculos e barreiras á actividade empresarial.

Nova fábrica de Albo na Plisan

A construción da nova planta de Albo, que se destinará á elaboración de conservas de produtos do mar e pratos preparados, ten previsto un investimento que supera os 29 millóns de euros. Coa nova fábrica, que estará situada na Plisan, a conserveira quere ampliar a súa capacidade produtiva desenvolvendo as últimas tecnoloxías dixitais, mantendo así o seu valor engadido e produción en territorio galego.

Coa mirada posta en seguir avanzando na expansión nacional e internacional, o novo centro de produción desta empresa centenaria ten previsto crear polo menos 25 postos de traballo directos, contratando –na medida en que se axusten ao perfil e cualificación requiridos– persoal da zona e maioritariamente feminino.

Suporá tamén a incorporación en Galicia do proceso de produción de pratos preparados enlatados e dará prioridade ás compras a provedores galegos, principalmente locais. Busca, ademais, a transformación da fabricación cara o uso de enerxías renovables e o respecto ambiental e achegar maior valor engadido as sectores económicos tradicionais con alto potencial de crecemento.

Campus Tecnolóxico Cortizo

A partir dunha iniciativa innovadora no sector da fabricación e distribución de produtos de aluminio e un investimento previsto de 31 millóns de euros, Aluminios Cortizo creará un complexo dedicado á investigación e a formación en Lamas, no concello de Padrón, co obxectivo de abordar e impulsar novos proxectos de carácter internacional e ampliar as actuais instalacións da empresa.

O novo campus tecnolóxico busca ser un centro punteiro en innovación, que complemente a cadea de valor de moitas empresas de sectores económicos estratéxicos en Galicia, e a súa posta en marcha suporá a creación de 320 postos de traballo directos.

A XUNTA REFORZA O PROGRAMA 'GALICIA DESTINO SEGURO' CON 1,8M€ QUE INCLÚEN A CREACIÓN E ADAPTACIÓN DE PRODUTOS E EXPERIENCIAS

- *Dá luz verde a 12 convenios con distintos subsectores para seguir impulsando a nosa Comunidade como un destino de calidade e superar a actual situación*
- *Inclúe accións para favorecer o turismo rural, as actividades de aventura, os congresos ou o enoturismo e reorientar produtos das axencias de viaxes*
- *Impulsarase a formación en materia de sanidade e hixiene entre as empresas de hostalaría e restauración e entre os sectores do turismo rural e o turismo activo*
- *Promoveranse novos paquetes centrados no Xacobeo 2021 e visitas guiadas con profesionais para escolares e colectivos adaptadas ao escenario poscovid-19*
- *A iniciativa complétase coa posta en marcha dun servizo de consultoría en liña da man do Clúster Turismo de Galicia dirixido a todas as empresas do sector*
- *O programa 'Galicia destino seguro' acada unha dotación global de 8M€*

O Consello da Xunta aprobou hoxe un investimento de 1,8M€ para a readaptación e creación de novos produtos turísticos, a formación hixiénico-sanitaria e o asesoramento ás empresas do sector, entre outras medidas. Trátase dunha nova liña de actuación enmarcada no programa *Galicia destino seguro*, que conta xa cunha dotación global de 8M€ para impulsar a nosa Comunidade como un destino fiable e de calidade, potenciando os valores que caracterizan o modelo turístico galego e que cobran especial importancia no contexto actual, como a natureza, a paisaxe a enogastronomía ou o Camiño de Santiago.

Así pois, esta nova liña permitirá promover accións nas empresas e particulares que conforman os distintos subsectores en catro eixos estratéxicos: a formación adaptada aos requirimentos de seguridade sanitaria (630.000€), a adecuación de formatos turísticos xa existentes ao escenario actual (730.000€), a creación de novos produtos e experiencias (280.000€) e a posta en marcha dun servizo de asesoramento empresarial individualizado para todas as empresas do sector (150.000€).

Para iso, autorizáronse doce convenios de colaboración coas entidades que representan á cadea de valor do turismo. En concreto, coas asociacións de hostalería e restauración das catro provincias, turismo rural, enoturismo, turismo de congresos, turismo activo, de natureza e aventuras, axencias de viaxe, touroperadores e guías profesionais de turismo.

O acordo permitirá ofrecer apoio e asesoramento adaptado ás empresas do sector para favorecer a súa adaptación ao novo escenario grazas a un acordo coas asociacións provinciais de hostalería e restauración. En concreto, destinaranse preto de 500.000 euros para desenvolver preto de 400 accións de formación online con ata 40.000 prazas para as empresas e profesionais sobre as medidas hixiénico-sanitarias requiridas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

tras a crise. Trátase dunhas accións formativas que se complementan coas impulsadas polo Centro Superior de Hostalaría de Galicia (CSHG) ata chegar a un total de 500 cursos con capacidade para 50.000 prazas.

Tranquilidade, natureza e paisaxe

Do mesmo xeito, fomentárase o turismo activo e o turismo rural, dúas modalidades en auge ao reunir algúns dos elementos máis valorados polos usuarios no escenario coronavirus como a tranquilidade, a natureza ou a paisaxe. No que respecta ao turismo activo, porase en marcha, a través dun acordo coa Asociación Galega de Empresas de Turismo Activo (Agetan), un servizo de asesoramento dirixido a todas as empresas deste sector co obxectivo de favorecer a súa adaptación aos novos protocolos e impulsárase un plan de comunicación online dirixido a públicos e mercados obxectivos dentro deste segmento.

No que atinxe ao turismo rural, favorecerase a formación das empresas desta rama en materia de seguridade e hixiene e promoverase un servizo de consultaría especializado grazas a un acordo coa Federación Galega de Turismo Rural (Fegatur).

Comercialización en liña

Este novo investimento de 1,8M€ permitirá seguir potenciando algúns dos sectores estratéxicos do noso modelo turístico, como a enogastronomía ou o turismo de congresos, adecuando ambos ao escenario actual. Así pois, asinarase un acordo coas Asociacións das Rutas dos Viños de Galicia para a adaptación da Plataforma Enoturismo Galicia, creada para a comercialización en liña de experiencias vinculadas a esta modalidade, incentivando as reservas telemáticas de xeito directo, así como outras medidas entre as que se inclúen campañas de promoción e a axudas para adopción de medidas hixiénico-sanitarias.

Pola súa banda, o acordo coa Asociación de Organizadores profesionais de Congresos dirixirase a reactivar o portal Galicia MICE, centrado en facilitar a localización de recursos para os promotores de congresos, eventos ou reunións e a creación dun plató online que permitirá a realización de eventos virtuais. Ademais, activárase un fondo de contratación de espazos e sedes que permitirá incentivar a organización destes eventos na Comunidade.

Reorientar paquetes contratados

Outros dos subsectores que se beneficiarán das medidas desta nova liña son as axencias de viaxes e os turoperadores. No que respecta ás primeiras, promoveranse accións dirixidas a reorientar cara o turismo local paquetes contratados para o exterior posteriores á declaración do estado de alarma, favorecendo a reactivación e o impulso do turismo interno.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Así pois, no marco dun acordo coa Asociación de Axencias de Viaxes de Galicia (Agavi) destinaranse 300.000 euros para a posta en marcha dun incentivo de ata o 10% do importe do paquete dirixido a aqueles particulares que redirixan os produtos contratados cumprindo as condicións previstas. Á hora de ofrecer aos clientes novos paquetes turísticos priorizaranse algúns programas xa consolidados como o Outono Gastronómico, os roteiros enoturísticos ou os produtos creados polos xeodestinos. Ademais, crearanse produtos turísticos comercializables de entre 400 e 2.000 euros dirixidos ás familias que poderán pagar de xeito fraccionado nun prazo de entre seis e doce meses sen custe adicional.

Ribeira Sacra, Mariña e Costa da Morte

No referente aos turoperadores, impulsarase a creación de novos paquetes turísticos con motivo do Xacobeo 2021, fomentando as escapadas e as experiencias centradas na enogastronomía, o termalismo, a natureza ou o patrimonio grazas a un acordo coa Asociación de Turoperadores Receptivos de Galicia. Estes produtos apostarán ademais por áreas estratéxicas como a Ribeira Sacra, a Mariña lucense, a Costa da Morte ou os diferentes Camiños, favorecendo a recuperación do turismo e a diversificación de fluxos.

Guías turísticos e asesoramento empresarial

Do mesmo xeito, levaranse a cabo programas que permitan incentivar e dinamizar as visitas de escolares ou colectivos, fomentar a creación de produtos que ofrezan percorridos e visitas virtuais ao tempo que se mellora a formación e adaptación dos profesionais aos novos requirimentos de seguridade sanitaria. Neste sentido, grazas a un acordo coa Asociación profesional de Guías de Turismo de Galicia porase en marcha o novo programa *A historia a pe de rúa* de fomento das visitas escolares, a acción *Volver a respirar en Galicia*, centrado nas visitas grupais e promoveranse accións para adaptar a actividade dos guías.

A nova liña de *Galicia destino seguro* complétase cun servizo de consultaría en liña que prestará un asesoramento individualizado adaptado en virtude dun acordo co Clúster Turismo de Galicia. En concreto, crearase unha oficina técnica para a resolución de consultas específicas e ofrecerase asesoramento personalizado a todas as empresas con sede en Galicia, con independencia de se contan coa condición de socios ou non.

Mellora da seguridade no Camiño de Santiago

Estas iniciativas enmárcanse no programa *Galicia destino seguro*, cunha dotación global de 8M€ en catro eixos de actuación como son o apoio económico ás empresas nesta transición, a mellora da información, da formación hixiénico sanitaria e do asesoramento.

Ademais, o Goberno galego está traballando noutras liñas de actuación para promover un turismo seguro e de calidade. No eido do Camiño de Santiago a Xunta impulsa o



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

programa *Camiño Seguro*, que favorecerá a cooperación entre os distintos organismos xestores implicados na Ruta Xacobeana co obxectivo de retomar a peregrinación o próximo 1 de xullo.



UNIÃO EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

GALICIA DÁ POR SUPERADA A FASE 3 E LEVANTARÁ O ESTADO DE ALARMA A PARTIR DO PRÓXIMO LUNS

- *As medidas preventivas aprobadas hoxe polo Consello serán publicadas mañá no Diario Oficial de Galicia e terán vigor desde o vindeiro luns 15 de xuño*
- *Amplíanse os aforos, con carácter xeral, ata o 75% e reabren os parques infantís ao aire libre*
- *Decaen as limitacións de todos os dereitos fundamentais propios do estado de alarma, entre eles o límite para facer xuntanzas nos domicilios ou reunións familiares*

O Consello da Xunta acordou hoxe dar por rematada a fase 3, polo que Galicia levantará o estado de alarma a partir do próximo luns, logo de que o Goberno central autorizase este mesmo venres á Comunidade a dar este paso.

Faino avalada pola situación epidemiolóxica, pois nos últimos 7 días a taxa de incidencia por 100.000 habitantes cífrase en Galicia en 0,4, mentres a media de España é de 4,2. Así pois, Galicia é, polo momento, a comunidade autónoma con menor taxa de incidencia por 100.000 habitantes de España. Deste xeito, despois de valorar a situación epidemiolóxica e dado que o número de contaxios é 10 veces inferior á media de España de forma continuada nos últimos 14 días, o Goberno galego solicitou levantar o estado de alarma, dar por concluída a fase 3 e entrar nunha fase de seguimento sanitario.

Así as cousas, o vindeiro luns Galicia abandonará a tutela do Goberno central e comezará unha nova etapa que estará rexida polo Real Decreto lei 21/2020 –o que concreta a chamada nova normalidade– e polas normas que dite o Goberno autonómico, dado que asume todas as normas en materia de saúde pública que considere pertinentes.

En concreto, as medidas preventivas recollidas nun acordo aprobado hoxe polo Consello serán publicadas mañá no *Diario Oficial de Galicia* e terán vigor desde o vindeiro luns 15 de xuño. Deste xeito, o acordo recolle: a obrigatoriedade de medidas de hixiene e prevención esixibles a todas as actividades, tales como: labores de desinfección e limpeza; especial atención nas zonas de uso común; que se promova o pago con tarxeta; tarefas de ventilación periódicas; e medidas específicas dirixidas a centros comerciais, establecementos de hostalería e restauración, lugares de culto, piscinas ou actividades culturais, entre outras.

Limitacións do aforo

Nesta mesma liña, establécense limitacións de aforo: un límite de 60 persoas en espazos abertos e de 30 en pechados no caso de velorios, cun máximo de 75 na comitiva fúnebre. O mesmo 75% que será o máximo permitido en boa parte dos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

establecementos regulados, como locais e centros comerciais, onde as zonas comúns quedarán limitadas á metade do aforo. Mentres que nos bares, restaurantes, hoteis e aloxamentos turísticos o aforo será de 75%, salvo nas terrazas que se eleva ao 80%. E tamén se regulan museos, equipamentos culturais, actividades deportivas, bibliotecas ou piscinas, entre outros. Sempre cumprindo, iso si, a distancia de 1,5 metros e, se non é posible, será obrigatorio o uso de máscara.

No que se refire aos parques infantís, soamente se autorizarán os que se atopan ao aire libre por cuestións de precaución. E, no que respecta ás actividades deportivas (excepto a ACB e a Liga de Fútbol Profesional, que se reserva ao Goberno central), o aforo será do 75% cun límite de 300 persoas no caso de recintos pechados e de 1.000 no caso de recintos abertos.

Así mesmo, dado que se levanta o estado de alarma, decaen as limitacións de todos os dereitos fundamentais existentes e propios do estado de alarma, entre eles o límite para facer xuntanzas nos domicilios ou reunións familiares.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA ACTUALIZA O PLAN BÁSICO AUTONÓMICO PARA AFONDAR NA SIMPLIFICACIÓN E NA TRANSPARENCIA DA ORDENACIÓN URBANÍSTICA

- *O Consello da Xunta vén de aprobar a primeira revisión desta ferramenta indispensable, creada ao amparo da Lei do Solo e que ten aplicación directa ou complementaria en todos os concellos da comunidade autónoma*
- *Debido ao seu carácter vivo e dinámico, o PBA debe revisarse na medida en que a normativa sectorial vaia cambiando para garantir aos operadores urbanísticos e á cidadanía en xeral un só documento de referencia*
- *Para amplificar o seu contido e alcance, o Goberno galego desenvolverá a Plataforma urbanística dixital de Galicia que achegará simplificación para o administrado*
- *O Goberno galego tamén está a tramitar nove plans básicos municipais co obxectivo de dotar a estes concellos dun instrumento urbanístico elemental*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a actualización do Plan Básico Autonómico (PBA) de Galicia coa que se sigue avanzando na liña de simplificar e outorgar maior transparencia a este instrumento de ordenación básico, que serve de referencia para os operadores urbanísticos e a cidadanía en xeral. Esta é a primeira revisión á que se somete o PBA desde a súa aprobación o 26 de xullo de 2018, xa que se trata dun instrumento vivo e dinámico que debe actualizarse a medida que a normativa sectorial vai cambiando.

A vixente Lei do Solo de 2016 contempla entre os seus obxectivos o de dotar de seguridade xurídica ao ordenamento, para o que consideran imprescindible que todos os concellos de Galicia dispoñan dun instrumento de planeamento que ordene o seu termo municipal. Así xurdiu o Plan Básico Autonómico, para dar cumprida resposta á necesidade de dotalos dunha ordenación básica de referencia para as accións sobre o territorio.

O ámbito de aplicación do PBA abrangue a totalidade da comunidade e ten por obxecto delimitar as afeccións derivadas da lexislación sectorial que incide sobre o territorio, incluíndo o conxunto dos instrumentos de ordenación, e identificar e clasificar os asentamentos de poboación existentes (preto de 39.000).

Aplícase de forma directa naqueles concellos que non teñen instrumento de planeamento xeral -é dicir, plan xeral de ordenación, normas complementarias e subsidiarias municipais ou proxecto de ordenación do medio rural- e ten carácter complementario nos que si contan con algún destes instrumentos, para suplir as posibles indeterminacións e lagoas do seu planeamento.

Unha das principais finalidades do PBA é a definición das áreas do territorio nas cales sexa necesario recadar informe dos diferentes organismos con competencias sectoriais para a realización de calquera actividade que implique a acción urbanística, de tal xeito

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

que contribúa a dotar de transparencia e axilidade o mecanismo de solicitude de tales informes.

Así mesmo, establece unha regulación de carácter xeral dos diferentes usos do solo e da edificación a través dunhas ordenanzas tipo, que se incorporarán tamén aos plans básicos municipais (PBM), outra ferramenta de ordenación introducida pola Lei do Solo de 2016 para adaptarse, neste caso, ás características propias de cada concello.

Así, o Plan Básico Autonómico enténdese como un paso intermedio imprescindible para conseguir que cada concello teña unha ordenación operativa do seu territorio, establecendo unhas ordenanzas tipo en función das clases e cualificacións do solo. Asemade, incorpora cada unha das afeccións que, a nivel sectorial, inciden na comunidade autónoma, ofrecendo nun único documento toda esta información.

Deste xeito, o PBA debe actualizarse en función dos cambios derivados das modificacións das afeccións sectoriais e da aprobación dos instrumentos de ordenación do territorio xa que constitúe unha radiografía dos acontecementos normativos que afectan a Galicia á que necesariamente deberán acudir os distintos axentes que actúan sobre o territorio, ofrecendo transparencia e axilidade de cara ás accións planificadoras futuras.

Plataforma urbanística dixital

O Goberno galego defende o acceso á información e instrumentación que organiza e planifica o territorio, polo que para amplificar o contido e alcance dos Plan Básico Autonómico desenvolverá a Plataforma urbanística dixital de Galicia, coa finalidade de achegar unha maior simplificación e transparencia sobre as figuras en vigor, así como unha redución dos prazos para a emisión de informes sectoriais en materia de urbanismo, que se reduce a tres meses, para a tramitación de licencias.

Recompilación da información sectorial

Para iso, a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo recompilou dos distintos organismos toda a información sectorial precisa para proceder a esta primeira actualización do Plan Básico Autonómico. Entre as modificacións introducidas cómpre mencionar a inclusión dos novos instrumentos de ordenación do territorio aprobados nestes dous anos: o Plan sectorial de áreas empresariais de Galicia e 33 proxectos sectoriais.

En materia de espazos naturais e biodiversidade, engadíronse un Espazo Natural de Interese Local (ENIL) e un Espazo Provado de Interese Natural (EPIN), dúas árbores e unha nova formación senlleiras, e toda a información relativa ao plan de conservación da pílara das dunas e aos plans de recuperación da escribenta das canaveiras, do sapo-concho común e do oso pardo, diferenciando en todos eles as áreas de presenza e as áreas prioritarias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Tamén foron actualizados os datos relativos á rede de estradas, ao ferrocarril, aos portos estatais e autonómicos e aos aeroportos en base aos datos remitidos polas administracións competentes.

A revisión do PBA permitiu modificar e corrixir a información sobre concesións mineiras, pasando dos 1.027 dereitos mineiros que constaban na aprobación definitiva do plan aos 1.001 da actualización, o que supón unha redución de 8.426,91 hectáreas; e tamén se engadiron 11 concentracións parcelarias (catro na provincia da Coruña e 7 na de Lugo) e oito zonas de seguridade das instalacións de Defensa.

Así mesmo, actualízanse os límites municipais entre determinados concellos así como os da comunidade autónoma a partir da información xeográfica de referencia dispoñible, e modifícase a información referente ás entidades de poboación galegas, engadindo 27 novas a consecuencia dos planeamentos xerais aprobados nos dous últimos anos.

Nove plans básicos municipais

En desenvolvemento do Plan Básico Autonómico e co propósito de garantir un territorio ordenado e sustentable, elaboráranse tamén os Plans Básicos Municipais para os concellos de menos de 5.000 habitantes que non contan cun instrumento de planeamento xeral propio.

Así, a Xunta está a tramitar nove plans básicos municipais correspondentes aos concellos de O Páramo, Ribeira de Piquín, Riotorto, Trabada, Triacastela, Cartelle, Padrenda, Porqueira e San Xoán de Río. Deste xeito, dotaráselles dunha ordenación básica que lles permitirá ofrecer unha capacidade de acollida residencial e económica que dea resposta ao desenvolvemento elemental dunha certa actividade urbanística, e cuxa formulación, tramitación e aprobación corresponde á comunidade autónoma, en colaboración e coa participación dos concellos.

SANIDADE DESTINA PRETO DE 1,7 MILLONES DE EUROS Á LOITA CONTRA A COVID-19 NOS HOSPITAIS PÚBLICOS GALEGOS

- *Desta cantidade, máis de 400.000 euros son para camas de hospitalización, centrais de monitorización, biombos de separación e soportes de camas para raios x de tórax*
- *Tamén se dedican preto de 900.000 euros para a contratación de obras para a adaptación de urxencias e críticos na Área sanitaria da Coruña e Cee, así como para a contratación de determinados materiais e produtos*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a tramitación de emerxencia de varios expedientes de contratación, por valor de 1.668.758 euros, para subministrar material e equipamento aos hospitais do Sergas fronte á covid-19. Parte deste orzamento tamén se destina á realización de determinados traballos e servizos nestes mesmos centros.

O primeiro dos expedientes aprobados hoxe refírese á adquisición de material por un total de 438.750 euros. Comprende 72 camas de hospitalización para o Hospital Clínico Universitario de Santiago por valor de 200.602 euros; 8 centrais de monitorización para varios hospitais cun importe de 135.130 euros; 383 biombos de separación para diversos centros cun custo de 54.618 euros; e 200 unidades de soportes de camas para raios X de tórax con destino a varios hospitais por valor de 48.400 euros.

A adquisición de todo este material xustifícase dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da covid-19 que elaborou o Comité de expertos no seguimento do coronavirus, e que contempla, entre outras medidas, a necesidade de facer provisión de materiais e recursos necesarios no caso de posibles rebrotes. O Comité de expertos está formado pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade e a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas, a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, representantes das Áreas Sanitarias e representantes médicos especialistas en enfermidades infecciosas e de urxencias hospitalarias.

Preto de 900.000 euros para a Área sanitaria da Coruña e Cee

Tamén esta mesma mañá o Consello da Xunta autorizou a tramitación de catro expedientes para a contratación de diversos traballos e servizos na Área sanitaria da Coruña e Cee, así como para o subministro de determinados materiais e produtos. O investimento total destes catro expedientes ascende a 896.407 euros.

O primeiro deles contempla un orzamento de 386.762 euros destinados a distintos proxectos da área coruñesa entre os que destacan o dispositivo extraordinario de atención de emerxencia e a adaptación do laboratorio de microbioloxía, xunto coa ampliación de almacéns e a adaptación de servizos de urxencias, sen esquecer a ampliación de unidades de críticos entre outros. A adecuación destes espazos contempla diversos traballos tales como fontanería; canalización de osíxeno;

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

acondicionamento en espazos de limpeza, lencería, farmacia e urxencias; instalación de tabiques, estores, portas e ventás, entre outros; ampliación de laboratorio; selado de boxes; colocación de tomas en quirófanos etc.

Ademais destas tarefas, o orzamento tamén recolle a adquisición de materiais de mantemento considerados imprescindibles para dotar a estes proxectos tales como material eléctrico, de fontanería e construción para os traballos anteriormente citados.

O segundo dos expedientes, que conta cun presuposto de 192.141 euros, ten como obxectivo a contratación de diversos traballos, nos proxectos da área sanitaria anteriormente referidos, como por exemplo o rotulamento dos chans e de urxencias; a instalación de circuíto cerrado de televisión en salas de espera; e distintos servizos de vixilancia, control de accesos e transporte sanitario.

O terceiro dos expedientes refírese ao subministro de produtos farmacéuticos. O orzamento destinado a esta adquisición é de 218.581 euros.

Por último, tamén se aprobou a contratación da xestión de residuos para o dispositivo extraordinario de atención de emerxencia por un importe total de 98.923 euros, para servizos tales como o aluguer e transporte de colectores con tapas, o tratamento con plástico e a recollida e transporte de residuos.

Área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza

Outro dos investimentos aprobados polo Consello da Xunta na súa reunión desta mañá, foi o da adquisición dun monitor de constantes vitais de hemodinámica, diversos produtos informáticos e mamparas para a Área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza. O orzamento neste caso ascende a 333.601 euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O EDIFICIO DE INVESTIGACIÓN E DOCENCIA ESTARÁ UBICADO PRETO DO NOVO HOSPITAL DA CORUÑA, NUNHA PARCELA DE MÁIS DE 8.000 METROS CADRADOS

- *Contará con dous pavillóns, un dedicado a docencia, de preto de 6.000 metros cadrados, e outro a investigación e innovación, de 7.000 metros cadrados*
- *O Plan proposto polo Executivo galego enmárcase na construción dunha gran cidade sanitaria, onde todos os servizos relacionados coa sanidade conflúan nun espazo próximo*

O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, informou hoxe, na reunión semanal do Consello da Xunta, do Plan Funcional que servirá de base ao edificio destinado a albergar as distintas actividades do Centro Tecnolóxico de Formación do novo Hospital da Coruña e a súa integración con todos os diferentes niveis de docencia que se desenvolvan na área sanitaria.

O emprazamento proposto para o edificio é unha parcela de 8.026 metros cadrados, de propiedade municipal, situada na periferia urbana da cidade, moi preto do actual Hospital.

O Plan proposto polo departamento que dirixe Jesús Vázquez Almuiña enmárcase na construción dunha gran cidade sanitaria, onde todos os servizos relacionados coa sanidade, tanto asistencial como docente e investigador, conflúan nun espazo próximo facilitando, deste xeito, unha comunicación constante, unha porta aberta onde a investigación, a innovación e a práctica hospitalaria participen dun xeito activo.

Estruturado en dúas áreas

Tal e como se recolle no Plan Funcional, o edificio estrutúrase en dous bloques intercomunicados, o Pavillón de Docencia e o Pavillón de Investigación e Innovación.

Respecto do pavillón de Docencia, de preto de 6.000 metros cadrados, contará cunha área destinada ao bioterio, que é o lugar que disporá das instalacións necesarias para a cría e control dos animais de laboratorio. Tamén terá un salón de actos, que permitirá celebrar eventos propios de docencia e de todo tipo científico; e outra área de xestión, docencia e aularios, de máis de 900 metros cadrados, cos despachos necesarios para o desenvolvemento da actividade de xestión, sala de reunións, etc.

Este edificio de Docencia albergará, tamén, unha área de simulación, con dous circuítos independentes entre si. Os espazos que compoñen a área de simulación tratarán de recrear a realidade, o máis fielmente posible, das seguintes estruturas: quirófano, UCI de adultos e pediatría, consultas e habitacións, salas de observación, salas polivalentes, etc.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Támen disporá dunha área experimental, dividida en dúas zonas, a destinada a modelo cadáver e a destinada a modelo animal, dotadas con salas cirúrxicas múltiples, quirófanos, mesas de autopsia, etc.

Outra das prestacións deste edificio será a área de tecnoloxía e innovación, con 4 zonas ben diferenciadas, a de impresión en 3D; a area de usabilidade, que é o espazo destinado a simulación de espazos de uso clínico; a área dedicada á enxeñería e desenvolvemento de simuladores, e outra zona de innovación, que é un espazo multifuncional destinado á convivencia e interacción do persoal como forma de motivar a innovación.

Pola súa banda, o Pavillón de Investigación e Innovación, de 7.000 metros cadrados, terá, entre outras dependencias, unha zona de ubicación de plataformas de investigación, que albergará áreas de traballo dedicadas a bioestatística, proteómica, xenómica, histomorfoloxía, bioinformática e bioenxeñería.

Tamén terá unha área de crecemento prevista para incorporación de futuras plataformas e outra área para incubadora de ideas, spin-off, start ups, etc.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA DÁ LUZ VERDE AO PRIMEIRO BLOQUE DO PLAN DE RECUPERACIÓN SOCIAL DE GALICIA PARA AXUDAR ÁS FAMILIAS MÁIS VULNERABLES

- *Entre as medidas atópase a tarxeta moedeiro, coa que preto de 30.000 familias poderán adquirir produtos de primeira necesidade*
- *Tamén se impulsarán menús solidarios para persoas con baixos ingresos e ampliaranse servizos como o Xantar na casa ou o SAF extraordinario*
- *Incrementábase a partida orzamentaria das Axudas de Inclusión Social e concédense subvencións por 1,5 millóns de euros ás entidades sociais*

O Consello da Xunta deu luz verde ao primeiro bloque do Plan de recuperación social de Galicia posto en marcha para atender ás necesidades das familias máis vulnerables logo da emerxencia sanitaria da covid-19. Un primeiro paquete de medidas que buscan dar certezas ao longo dos vindeiros meses ás familias que máis o precisan e para o que o Goberno galego destinará un total de 38 millóns de euros.

Entre estas medidas destaca o lanzamento dunha tarxeta moedeiro coa que preto de 30.000 familias poderán adquirir produtos de primeira necesidade, tanto de alimentación como de hixiene e farmacia. Diríxese a aquelas familias que carecen de emprego ou ingresos fixos, pero que non accederon aínda ao sistema de axudas públicas. As tarxetas serán recargables e o seu importe total dependerá do número de membros da unidade familiar. Así, as contías oscilarán entre os 450 euros para as persoas que viven soas, 600 para familias de dous membros e 900 para familias de tres ou máis membros.

A segunda medida deste Plan será o menú solidario. Esta iniciativa permitirá que 20.000 persoas con ingresos baixos poidan contar con axuda da Xunta para consumir o menú do día en establecementos hostaleiros da comunidade autónoma. Articularanse tamén a través dunha tarxeta moedeiro, que irá precargada con 30 menús, polo que se financiará un total de 600.000 menús solidarios. Os establecementos que se adhiran a esta medida comprometeranse a ofrecer un menú do día a un prezo fixado de 8 euros, dos que a Xunta financiará 5. Esta medida está dirixida ás persoas con ingresos mensuais inferiores ao 60% da mediana de ingresos, pero por riba do necesario para acceder a unha Risga.

Outra das iniciativas será a extensión do programa Xantar na casa ata as 2.000 persoas en toda Galicia. Esta iniciativa xa contaba cun máis de 1.400 usuarios aos que se adheriron outras 260 persoas maiores que accederon a esta medida durante estas semanas. Así mesmo, outra das iniciativas extraordinarias postas en marcha durante a pandemia, o Servizo de Axuda no Fogar tamén se estenderá ata o final do 2020. En concreto, poranse á disposición dos concellos 500.000 horas para atender a persoas maiores nos seus domicilios, tanto ás que teñen unha valoración de dependencia como ás que, sen tela, precisan de atención domiciliaria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

En quinto lugar, vaise incrementar nun 50% a partida orzamentaria destinada ás Axudas de Inclusión Social (AIS), prestacións para financiar gastos de alimentación, roupa, gafas, dentistas ou calquera outra situación de grave emerxencia das familias. Como sexta medida, introduciranse melloras na tramitación da Renda de Inclusión Social de Galicia (Risga), as pensións non contributivas e as AIS. Medidas técnicas encamiñadas a que estas axudas estean coa máxima axilidade á disposición dos seus beneficiarios.

Por último, o Plan de recuperación social incorpora unha orde especial de axudas para as entidades de iniciativa social: os albergues, as cociñas económicas e comedores sociais, centros de atención continuada, centros de acollida e centros de inclusión. Vanse destinar 1,5 millóns de euros a apoiar a estas entidades polos esforzos extraordinarios que tiveron que facer durante a crise sanitaria.